

Pasou que unha vez era un... era parvo tamén, bueno coma min, parecidamente. Si, coma min parecidamente. E entonces, era un criado, taba de criado, eu de criada non tou, bueno tou de algúns, bueno, non teño conforme hora de criar. E entonces alí, díxolle a muller:

- A que non sabes que o criado ese parviño que temos que quere durmir connigho?

E díxolle el:

- Pois dille que vas, dille que vas.

Si... Foi verdá. Que iba durmir con el aquela noite, e foi diante e meteuse na cama o home, o home en ves de ser a muller foi o home. E entón foi ó criado e ao que se meteu debaixo das mantas, claro, non se vía así debaixo da roupa e entonces empezou a apalpar, a apalpar. E poñíase así:

- Non tes tetas hei de dar eu.

Non sabes? Habíalle de explicar...

- Non tes aqueloutro, hei de dar eu.

Pero despois cheghoulle a aquela cousa e dixo:

- Uuu, e ti tes un tuturubelo coma o meu?  
(Risas)

Tiña o aparato debaixo coma o del, claro, non era femia, que era macho.

- Xa, xa.
- Que cousas hai!
- Cousas do mundo.

(...)

Pumba pa un lado, pumba pa o outro. Pumba pa un lado debaixo da roupa. A dar ás pernas así, non sabes? A dar ás pernas así. Pumba pa un lado. Volta pa un lado, volta pa o outro. Volta pa un lado debaixo da roupa.

(...)

... a falalo castellano. E saleu unha vella e pónselle así:

- Bueno, ho. Si vos falades castrapo i eu tamén sapo.

(Risas)

- Vós falades castrapo, eu tamén sapo.

(Risas).